

CHEGAMOS DESPOIS A UNHA TERRA GRIS

Raúl Dans

XERAIS BIBLIOTECA DRAMÁTICA GALEGA (1337060)

152 páxinas, TEATRO

ISBN: 978-84-9914-209-8

P.V.P: 12,50 €

NOVIDADES MARZO 2011



**«CHEGAMOS DESPOIS A UNHA TERRA GRIS» DE RAÚL
DANS PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS
2010**

TEATRO DE PERSONAXES, DA PALABRA COMO ARMA, DA TRAMA COMO REVELACIÓN. VELAQUÍ UN DRAMA DE FEITURA CLÁSICA POBOADO DE PERDEDORES E ANTIHEROES MODERNOS, MULLERES E HOMES NA BUSCA DO OBXECTIVO MÁIS LEXÍTIMO DO SER HUMANO: A CONQUISTA DA FELICIDADE.

Raúl Dans fai un retrato desapiadado dun núcleo familiar en descomposición, en cuxo centro está Helena, esposa e nai, presa da insatisfacción e a amargura, ante o reto de afrontar unha batalla contra o destino mentres todo o seu universo se derruba.

Teatro de personaxes, da palabra como arma, da trama como revelación. Velaquí un drama de feitura clásica poboado de perdedores e antiheroes modernos, mulleres e homes na busca do obxectivo máis lexítimo do ser humano: a conquista da felicidade.

As relacións de parella, entre pais e fillos, os vencellos que nos unen ás persoas, a natureza deses vínculos e as súas escravitudes, o inexorable paso do tempo, as frustracións, o fracaso e as débiles esperanzas que nos manteñen con vida.

En *Chegamos despois a unha terra gris* hai tamén unha reflexión sobre a verdadeira identidade das persoas, sobre ese ser desprezable que aniña en cada un de nós, ese ser que nos empeñamos en negar, pero que somos, en realidade, máis que aquel outro que quixeramos ser ou aparentamos ser ante os demais.

Algunhas historias pretenden iluminar as zonas escuras da alma humana. En palabras do propio autor, *Chegamos despois a unha terra gris* penetra nesas zonas escuras para perderse nelas.

Raúl Dans (A Coruña, 1964) é autor teatral, guionista de cine e televisión e actor de dobraxe. Comezou a súa carreira como actor na histórica Compañía Luís Seoane, e é un dos integrantes do colectivo de intérpretes que iniciou a dobraxe en galego, oficio ao que se dedica desde 1985.

En 1993 irrompe na escena da escrita teatral galega con *Matalobos* (Premio Rafael Dieste para Textos Teatrais). Un ano máis tarde acada o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro con *Lugar* (Xerais, 1995), que o Centro Dramático Galego pon en escena en 2000. En 1997 gaña o prestixioso Premi Born coa obra *Derrota* (Xerais, 1999).

Paralelamente, Dans desenvolve unha sólida traxectoria como dialoguista, argumentista e creador de series de ficción para a televisión –*A miña sogra e mais eu*, *Pratos combinados*, *Terra de Miranda...*–, e redacta os guiños das longametraxes *Fragmentos* e *As portas do paraíso*. En 2008 aparece todo o seu teatro breve nun volume titulado *Nun mundo hostil*, coincidindo coa edición de *Nachtmahr* (Xerais), finalista dos premios da AELG.